



El Liceo de Ourense

XI PREMIO LITERARIO "CARLOS CASARES",

**CONVOCADO POLO LICEO DE OURENSE,
NA MODALIDADE DE MICRORRELATO**

BASES

Primeira:

*Convócase a undécima edición do **PREMIO LITERARIO "CARLOS CASARES"**, do Liceo de Ourense, na modalidade de Microrrelato vinculado na presente edición a contidos relacionados coa **gastronomía**.*

Segunda:

*Fíxase un **PREMIO** de MIL CINCOCENTOS EUROS, con Patrocinio do **GRUPO CUEVAS**.*

Terceira:

Poderá concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría cun máximo de tres, e redactados en calquera dos dous idiomas oficiais en Galicia, vinculados o ámbito da gastronomía, a cociña, ou calquera das súas manifestacións, a alimentación en xeral o a referencias culinarias. Quedan excluídos os recetarios ou guías.

Cuarta:

*Os orixinais terán unha **extensión máxima de mil cincocentos caracteres**, debendo presentarse por sextuplicado, e antes do 11 de maio do ano 2012, na Secretaría do "Liceo de Ourense", sita na rúa Valentín Lamas Carvajal, 5. C.P. 32005 Ourense.*

Quinta:

Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ó premio, así como o título definitivo da súa obra.



El Liceo de Ourense

Sexta:

O Xurado estará integrado polo Presidente do Liceo de Ourense, dona Maite González en representación do Grupo Cuevas, e os membros da Sección de Literatura, dona Teresa Devesa Graña, dona Loly Conde Fernández, dona Rosa Estevez Redonet, don Segismundo Bobillo Morgadee don Javier Casares Mouriño, actuando como Secretario Juan Fonseca Moretón.

Séptima:

Se o Xurado o estimase oportuno, podería outorgar un ou varios accésits, fixando a súa dotación económica. Asimesmo poderá declarar deserto o premio, no caso de non se presentar obras que teñan un mínimo de calidade. O Fallo do Xurado será inapelable.

Oitava:

A entrega dos premios terá lugar nun Acto Literario enmarcado nas Festas do Liceo, e que se celebrará o 25 de maio.

Novena:

O Liceo de Ourense resérvase o dereito de publicación da obra premiada, así como dos accésits no caso de habelos, feito que conlevará a renuncia do autor, ou autores premiados, a percibir os dereitos desta edición.

Décima:

Os orixinais que non resulten premiados, serán destruídos nun prazo de tres meses dende o día do fallo, agás que se reciba solicitude por escrito para a súa devolución.

Undécima:

A participación no Premio leva implícita a aceptación das presentes bases.

*Ourense, marzo de 2012.
A XUNTA DIRECTIVA.*